

# LENDAS



Gracias á colaboración dos alumnos e das súas familias foi posible esta pequena recopilación de lendas no Colexio de Educación Infantil e Primaria Sada e Contornos.

As lendas constitúen unha manifestación da cultura popular que é preciso conservar e divulgar. Contan historias máxicas que se perden no tempo e que foron pasando dunha xeración a outra a través da transmisión oral.

Este traballo pretende ser un paso máis na normalización da nosa Lingua e recuperar a nosa Cultura, obxectivos que se ten marcados este Equipo.

Sada, marzo de 2002.

Equipo de Normalización Lingüística

## O MEDO É LIBRE

Antes non era como agora, había camiños estreitos e non había as estradas que existen neste momento.

Os rapaces cando ían ó baile, tíñanlle medo ó cemiterio, entón ían por xunto ó colexio que era un camiño máis longo.

Un día, un dos rapaces foi polo camiño do cemiterio, era estreito e con moitas silvas, de súpeto notou algo ou alguén que lle estaba agarrando a chaqueta e pensou que eran espíritos, e díxolles: “non me levedes convosco que eu fun moi bo”. Máis tarde xa estaba dicindo que fora un pouco malo, e así ata que se fixo de día e mirou para atrás e ... ¡Enganchárase nunha silva! Pasou o tempo e a súa historia sóboo todo o mundo.

Nerea (3º curso de EP)

## A TORRE

Nun pobo de Lugo chamado Friol, hai unha torre que antigamente era usada como oficina de pago de impostos, que as autoridades esixían ós habitantes da comarca. Ditos impostos non sempre eran xustos e prexudicaban ós máis pobres, de feito cando algún dos veciños non podía pagalos, os gardas torturábano e logo tiraban á vítima a un foxo, que parece ser xa estaba destinado a ese fin.

Eran tantos e tantas as persoas que, despois de moitos anos, apareceron nese lugar esqueletos, ósos, etc. Polo menos eso contan algunhas persoas maiores de Friol.



Rubén (4º curso deEP)

## A COVA DA SERPE

A rúa onde viven os meus avós de Lugo chámase “A Cova da Serpe”. Dise que a orixe do nome ven de que antigamente nesa zona había un monte escarpado bastante afastado da cidade de Lugo, nel vivía unha vella moi rara, considerada unha meiga que adoitaba facer mal ós que por alí se atrevían a pasar, pois cerca había unha fonte chamada “Dos Ranchos” que a vella consideraba como súa.

Certo día as autoridades decidiron elimina-la fonte, e o raro é que a vella tamén desapareceu misteriosamente. Un día na busca da vella, atoparon unha enorme serpe agochada nunha cova, que curiosamente era na que habitaba a vella.



Samantha (4º curso de EP)

## A LENDA DA “ARA SOLIS”

A lenda da “Ara Solis”, de orixe grega, di que o pobo caldeo, que adoraba ó Sol, decidiu un día pescudar o escondrixo do astro ó longo das horas da noite. Abandonando os seus lugares natais, comezaron o seu camiño cara Occidente. O derradeiro lugar ó que cegaron foi Galicia, onde se decataron que o mar lles impedía continuar o avance, ó mesmo tempo que descubrían que o Sol se asolagaba no océano.

Convencidos de que entre as augas, pasaba o astro adorado as horas da noite, e abraiados perante aquel prodixio, decidiron construír naquelas terras un altar ó que lle puxeron o nome de “Ara Solis”.

Elena (4º curso de EP)

# PRAIA DE DONIÑOS

Conta a lenda que, antigamente había en Ferrol un pobo que se chamaba Palleiro. Este pobo estaba situado á saída da ría de Ferrol, formando diante unha especie de lago, este comezou a aumentar o seu nivel de auga, chegando un momento no que inundou o pobo. A xente tivo que escapar de alí, e dise que dous nenos non conseguiron fuxir e que quedaron atrapados baixo as augas.

Dende ese momento todo o mundo comezou a chamarlle a praia de Dosniños, polos dous nenos que quedaron atrapados e como abreviatura e para que sonara mellor quedou co nome de Praia de Doniños.

Tamén se conta que no ano 1805 os ingleses querían invadir o porto de Ferrol, que polo visto era un dos portos máis importantes de España, chegando a dicir o ministro inglés, que se conseguía facerse con ese porto, rodearíao cun muro de ouro para que ninguén pudiera quitarllo. O seu plan para entrar no porto era desembarcar na praia de Doniños e a través de aí, invadilo.

Pero os habitantes do lugar constituíron un pequeno exército, armados con paos, pedras e gadañas. Conseguiron derrotar ós ingleses, impedindo así que invadiran o porto de Ferrol.

Antonio (5º curso de EP)



## O NOME DA CIDADE: A CORUÑA

Conta a lenda que Hércules e Xerión pelexaron durante tres días e tres noites. Nesta pelexa saíu vencedor Hércules, que soterrou a Xerión e edificou unha torre enriba.

Hércules mandou poboalo lugar e, como a primeira muller que se presentou chamábase Coruña, deulle este nome á cidade.



Brais (2º curso de EP)

## A LENDA DA CORUÑA

Nos tempos antigos, houbo un rei chamado Xerión que dominaba os territorios comprendidos entre os ríos Texo e Douro. Era moi forte e valente, pero á vez soberbio e ambicioso. A súa tiranía obrigaba ós seus súbditos a facerlle entrega da metade de canto posuían, tamén dos seus fillos, e ós que se negaban mandaba matalos. A xente comezou a odialo.

Un día sóbose que chegara ás terras do que hoxe é Lisboa o semideus Hércules, protector dos débiles, e aqueles amedrentados súbditos decidiron mandarlle un mensaxeiro para que lles acudise. Hércules, compasivo cos humildes e duro cos ruíns, escoitouno e enfrontouse a Xerión. Este sentiu medo e fuxiu cara Galicia con toda a súa xente e tropa, pero Hércules seguiuono. Loitaron durante catro días corpo a corpo, sen que ningún deles gañase; por fin o vencedor foi Hércules que lle cortou a cabeza e mandou erguer naquel sitio unha torre moi alta.

Foi Hércules quen dispuxo que aquela vila se poboase de mandou que aquela nova poboación se chamase Coruña, como a súa primeira poboadora.

Clara (4º curso de EP)


## A RAÍÑA DOS ANXOS

Fai moitísimos anos uns mariñeiros viñan no medio dun temporal, cando estaban a chegar a Arnela o temporal comezou a amainar. Os mariñeiros sorprendidos preguntábanse que pasaría.

Cando chegaron á pena da herba viron unha imaxe nela e un letreiro que dicía: “entréguese no primeiro porto”. Eles decidiron collela e levala para Sada, xa que era o porto máis próximo e por iso pertence a Fontán.

Nos tempos de antes, cando os barcos viñan sen pesca as vellas ían ó castelo de Morazón, levaban sal e botábana polos ombreiros para non ter meigallos e que así os homes puidesen traer moita pesca.

Eva (4º curso de EP)



## ALÉN

É no máis alá, o que non se pode precisar. O que está detrás das máis apartadas montañas, onde ningunha nave era capaz de chegar.

Alén é unha criatura inmaterial, puro espírito, néboa con forma humana, condenado a vagar por sempre, porque é integrante da Santa Compañía, procesión das ánimas sen paz por non cumprir en vida, o peregrinar a San Andrés de Teixido, onde vai de morto o que non foi de vivo.

Contemplade a Alén, pero na distancia, porque se logra rozarvos co seu corpo de brétema, acompañaredelo e seredes coma el, un calafrío buscando unha paz que xamais atopará.

José Antonio (3º curso de EP)

## O LOBO E O SOLDADO

Nunha aldea de Lugo, un soldado viña de permiso para estar coa súa familia, para chegar á súa casa tiña que cruzar un monte. No camiño atopouse cun lobo que se botou enriba del, colleuno coa boca polo pescozo, e o soldado para defenderse cravoulle a espada que levaba. Ó día seguinte apareceron mortos os dous no camiño.

Zeltia (5º curso de EP)

## LENDA DE XAN DE ARZÚA

Xan de Arzúa era un personaxe de Allariz que, cando os xudeus intentaban impedi-la Procesión de Corpus, el montou nun boi que tiña e escorrentounos. Deixou feito un mandato de que había que repetir esta acción tódolos anos. É o que, actualmente, se coñece co nome de "Corre-lo boi".

Juan (1º curso de EP)

## MARÍA SOLIÑA

María Soliña, muller e nai de mariñeiros, que eran a súa alegría e sustento e que estaban a morrer vítimas do ataque á vila por parte da piratería turca. Soa e desamparada, María Soliña xa velliña, tivo que peder esmola polos camiños. Era unha persoa honesta e boa cristiá, pero os que non a coñecían ben, comezaron a dicir que era unha meiga e así o testificaron; aínda que sobra dicir que canto dela se dixo era falso.

Foi torturada e case queimada na fogueira, e foi condenada a vestir o "San Benito", que era unha vestimenta infame.

Morreu na máis absoluta miseria; foi enterrada lonxe do Campo Santo. Polo que nunca máis se voltou a saber do seu triste fíxico.



Diego (2º curso de EP)




## A LENDA DO CASTRO DE SAMOEDO

Dise que os moradores do castro de Samoedo eran bos veciños dos do castro de Bergondo; pasaban os ratos libres xogando ós bolos e lanzándose barras de ferro uns contra os outros.

No mencionado castro, parece ser que hai unha doncela encantada, filla duns xigantes, ós que despois de regalarlles unha grande suma de cartos puxéronlle unha soga ó pescozo e transformárona nunha serpe. O conxuro sinalaba que voltaría ó seu estado natural dicíndolle: “O que te desencante, nove bicos ha de darche”.

Daniel (6º curso de EP)



### O XIGANTE CALA CALA

No Castro de Samoedo vivían uns xigantes. Un día un rapaz atopouse cun deles, asustouse moito e comezou a chorar, o xigante tratou de tranquilizalo facéndolle caricias e dicíndolle “Cala, cala,...”; palabras que lle quedaron de nome ó xigante.

Isaac (3º curso de EP)

## O LOBO DE SAN FROILÁN

Contan os vellos que cando San Froilán viña dende León ata Lugo, de onde era bispo, facíao atravesando as montañas do Cebreiro, montado nun burro.

Certo día, saíulle un lobo ó camiño que lle comeu o burro no que ía montado. San Froilán enfadouse tanto co lobo que lle dixo: “agora lévasme ti”.

Por iso se representa sempre a San Froilán cun lobo ó seu lado.

Francisco (4º curso de EP)


## A DAMA DO SAR

Da Dama do Sar dise que é moi bondadosa e que sempre está de bo humor; posúe unha longuíssima melena que serve de dique ó curso fluvial do río Sar, de maneira que, cando decide peiteala, prodúcense inundacións en Pontecesures e Padrón, anegando praderías que se encontran xusto onde se xuntan as provincias de Pontevedra e A Coruña.

É posible que a Dama do Sar teña moitísimos anos, tantos, que se di que chegou a Galicia na barca na que foi trasladado o corpo do apóstolo Santiago dende Oriente ata Padrón.

No río permanece cantando fermosas melodías, mentres que a luz do Sol fai brillar as escamas da súa cola; posúe tan bo oído que dende alí pode escoitar as badaladas da Berenguela compostelá.

Lara (3º curso de EP)



## A LAGOA DE LOURO

Dise que onde se atopa a Lagoa de Louro (Muros), atopábase antes a aldea de Louro.

Unha noite de inverno con moito temporal, as olas do mar adentráronse no interior anegando a aldea de Louro, quedando esta cuberta polas augas.


Din os vellos do lugar que nas noites de inverno con forte temporal e moi escuras, sen lúa, escoítase dende o fondo da lagoa o canto dos galos e o repenique das campás da igrexa. Por todo isto a aldea de Louro atópase nas ladeiras e nas partes máis altas dos montes que bordean a lagoa.

Adrián (5º curso de EP)

## A LENDA DAS ONDAS

Existe unha lenda que di que todas aquelas mulleres que non poden ter fillos e desexan quedar embarazadas, teñen que ir a noite de San Xoán, (noite de meigas), á praia da Lanzada (provincia de Pontevedra).

Unha vez alí, teñen que meterse espidas no mar e saltar nove ondas, para así, conseguir o seu desexo.



Marta (6º curso de EP)

## A MEIGA

Nunha aldea de Lugo había unha muller que era meiga, e como esta non lle tiña moito agarimo a unha veciña, fixo unhas filloas e botoulles un meigallo. Cando acabou, díxolle ó seu home que llas levara a Xoana, que así se chamaba a veciña, e que ninguén máis que ela as comera.

A casa da veciña quedaba algo lonxe, e ó home entroulle a fame no camiño e decidiu comer algunha filloa; o home volveuse tolo e a Xoana non lle pasou nada.

Zeltia (5º curso de EP)

## A PENA

En tempos moi antigos, había unha pena moi grande nun monte de Ferrol; a xente do lugar e os pastores dicían que vían á Virxe debaixo da pena, é por esta razón pola que fixeron unha capela enriba da pena.

A xente segue indo alí, e como preto da pena non hai luz levan velas para mirar debaixo dela; o chan está cuberto de cera.

Algunhas persoas din que a viron e outras que non. Fanse misas en louvanza á Virxe de Chamorro.

Zeltia (5º curso de EP)


## MAL DE OLLO

Era unha familia moi pobre que un día foron mercar dous porcos á feira de Arzúa. Cando viñan para a casa, na aldea díxolles unha veciña se viñan de mercar porcos, e eles respondéronlle que si. Ó chegar á casa metéronos na corte.

Pasaron uns días e a veciña foi pola casa desta familia e preguntoulles outra vez polos porcos, a dona da casa contoulle que un deles xa morrera e o outro para alí vai. Entón a veciña díxolle bótao no corredor, pero o porco xa non se erguía. Tiveron que arrastralo entre as dúas e déronlle uns grans de millo, o porco comeunos.

Agora todo o mundo di que esa muller ten un mal de ollo por preguntarlle a aquela outra se o porco estaba ben, cando xa estaba morto.

Lorena (5º curso de EP)



## O TRASNO

O trasno é unha criatura que habita nas aldeas de Galicia. Tiña a facultade de converterse no que el desexaba: forma humana, animal, cousa, ...

Merodeaba polas casa das aldeas facendo "trasnadas", como por exemplo: convertíase en cabalo e desaparecía cando pasaba por unha poza, deixando caer ó xinete á auga; tiraba os cacharros e a roupa dos armarios, etc.

Para comprobar que era o trasno o que facía todas estas cousas, puxeron por onde pasaba el, unha cunca de millo, así ó pasar, tiraríaa e delataría a súa existencia.

Un día, o trasno pasou e tirou a cunca co millo, pero como era moi intelixente, converteuse en home e coas mans recolleu o millo.

Ó día seguinte cambiaron o millo por auga, o trasno tirou a cunca e repetiu a transformación, aínda que cando quixo recolle-la auga non puido, delatando así a súa existencia.

O trasno existe tamén noutras culturas distintas á galega.



Isaac (6º curso de EP)

## A EXTRAVAGANTE MULLER

Contaba o meu bisavó unha lenda; esta dicía que en certa ocasión tivo lugar un accidente cun globo na súa aldea. A aldea chamábase Curuxou e pertencía ó Concello de Irixoa.

O globo ía tripulado por unha muller francesa, vestida con pantalóns e polainas, levaba no cinto un revólver (Lafuxe de 12) e no peto un salvoconduto do Goberno Español, para que lle prestasen auxilio alí onde o precisase.

Os lugareños encontraron a esa muller un tanto rara, e en lugar de axudala, ríanse da súa vestimenta e do seu idioma, mofándose dela e chegando a menosprezala.

Pasados uns días, contoume o meu bisavó, que moitos veciños que se mofaran da muller francesa tiveron que pasar polos Xulgados de Betanzos e incluso algún foi ó cárcere por un corto período de tempo.

Carla (5 anos, EI)

## OS MARIÑO

Un cabaleiro da familia dos Mariño, un día atopou unha serea na praia, namoráronse e a serea renunciou á súa cola para ir co cabaleiro. Tiveron fillos.

Pero un día , a serea atopou ó seu marido con outra muller e entón ela decidiu voltar ó mar. A súa filla máis pequena botábaa moito de menos; decidiu ir a buscala, atopouna entre unhas rochas e entón tirouse ó mar para reunirse con ela, pero no intento a nena afogou.

Por iso din que unha rapaza de cada xeración dos Mariño morre, en vinganza do ocorrido.

Irena Antía (6º curso de EP)



## SEREA MOURA

Serea Moura, é unha figura con corpo de muller e cola de peixe. Vive nun pozo que lle chaman da Moura, na península do Morrazo. Sae das profundidades mariñas coa súa beleza e a súa longa melena rubia, melena que peitea ó sol cun peite de ouro.

Se quen se atopa con ela a require para amores, ela establece conversación, anque sen resultados positivos, pois ela está imposibilitada para a maternidade. Pero se alguén quere roubarlle o seu precioso peite, ela perde a súa dozura e chegará a matar ó ambicioso e inoportuno. De maneira que se por eses paraxes desaparece alguén, e durante moito tempo ninguén fala da Serea Moura , quere dicir que ela é a causante da desgracia.

Mellor, pois, contemplala , que por certo é unha delicia, e falar con ela con doces palabras.

Sofía (3 anos, EI)

## O CASTRO DE VILAR DE FERREIROS

Contan que os da casa de Rozas de Albín, viñéronse arriba a conta dos mouros que no castro vivían.

Nesta casa había un arrieiro que lles ía levar viño ademais doutras cousas e a cambio os mouros dábanlle moitos cartos. Como ía pola noite, a muller sempre lle estaba a preguntar que para onde ía co viño, e el un día dicía para un sitio e outra vez para outro.

Mais un día a muller insistiu ata que lle arrincou ó home o segredo de que o viño era para os mouros do castro. Cando ó outro día foi o arrieiro a levárlle-lo viño, este non puido entrar posto que falara máis do debido.

Iago, Antonio e Lidia (6º curso de EP)

## OS CABALIÑOS DE MAR

Conta unha lenda de Oceanía que, fai moitísimos anos, vivían preto do mar dous fermosos cabalos. O Señor das Augas adorábaos. Un día, trotando preto da beira, escoitaron que uns cazadores estaban a perseguilos; os cabalos, temendo ser capturados, só puideron escapar entrando no mar.

Os cabalos, cansados xa de nadar, pediron axuda ó Señor das Augas; este escoitou os seus berros de auxilio e decidiu salvar as súas vidas, converténdoos en graciosos cabaliños de mar.

Sara (5º curso de EP)

## A LENDA DO BECERRO DE OURO

No pobo de meu avó di a xente que hai unha cova á que os mouros ían rezar para que segundo eles, o becerro de ouro que alí había lles dera boa sorte. Tamén contan que se entraba alguén que non fose mouro saían uns espíritos e nunca xamais se voltaba a saber desa persoa.

Noelia (4º curso de EP)

## LENDAS DE OURENSE

A lenda trata dun home que se chamaba Fabián, pero a xente do pobo chamáballe Don Fabián, vivía en Ourense.

Un día acoteceu unha cousa moi interesante: o señor Don Fabián ía ás casas dos ricos e collíalles de todo un pouco para dárllelo ós pobres, aínda que eles non sabían cando viña nin cando se ía. Todos dicían que se metía polas ventás das casas dos ricos e logo o que collía poñíao ó lado dos nenos pobres.

Esta é unha historia que nunca se soubo se era verdade ou mentira.

Jorge (5º curso de EP)

### A SANTA COMPAÑA NO FREIXO E NAS PONTES

O camiño dos arrieiros entra no Concello das Pontes pola parroquia de Freixo.

Contáronnos que un día un home volvía da feira das Pontes e colleuno a noite camiño da súa casa no Freixo. Unha multitude de luces camiñaba pausada e maxestuosamente sen rumbo e sen dirección fixa. Era a Santa Compañía, ánimas en pena vestidas con hábitos brancos e portando unhas luces ténues.

De súpeto as ánimas achegáronselle e obrigárono a incorporarse á procesión con elas cara á ribeira do río Sor. Por máis que se negaba a ir, o home non

podía liberarse da forza misteriosa que o empuxaba. Pensaba que era o fin, que a hora da morte xa chegara. Lembrouse entón dunha moeda que levaba no peto e amosouna. Era unha moeda de cobre do pasado século, coa cruz no reverso.

A Santa Compañía soltouno. E baixo un ceo parcialmente estrelado, con olor a terra recién mollada polas temperás choivas de setembro, as luces fóronse perdendo, sempre compasadas en perfecta ringleira e sempre en silencio.

Xoana (3º curso de EP)





# ÍNDICE

O medo é libre .....	2
A torre .....	2
A cova da serpe .....	3
A lenda de "Ara Solís" .....	3
A praia de Doniños .....	4
O nome da cidade: A Coruña .....	5
A lenda da Coruña .....	5
A raíña dos anxos .....	6
Alén .....	6
O lobo e o soldado .....	7
Lenda de Xan de Arzúa .....	7
María Soliña .....	7
A lenda do Castro de Samoedo .....	8
O xigante Cala Cala .....	8
O lobo de San Froilán .....	9
A dama do Sar .....	9
A lagoa de Louro .....	10
A lenda das ondas .....	10
A meiga .....	10
A pena .....	11
Mal de ollo .....	11
O trasno .....	12
A extravagante muller .....	12
Os Mariño .....	13
Serea Moura .....	13
O Castro de Vilar de Ferreiros .....	14
Os cabaliños de mar .....	14
A lenda do becerro de ouro .....	14
Lenda de Ourense .....	15
A Santa Compañía no Freixo e nas Pontes .....	15



C.E.I.P. Sada e contornos



Colexio de Educación Infantil e Primaria Sada e contornos  
Equipo de Normalización Lingüística